

## DIRECTRICES XERAIS PARA O SEGUIMENTO DE TÍTULOS OFICIAIS DE GRAO E MÁSTER DA UNIVERSIDADE DE VIGO

*Aprobadas no Consello de Goberno do 10 de maio de 2011*

*Modificadas no Consello de Goberno do 13 de xuño de 2013*

### Introdución

Trala acreditación inicial e inscrición no RUCT dos títulos universitarios oficiais, a partir da súa implantación a lexislación establece un proceso cíclico de seguimento e renovación da súa acreditación. Segundo o artigo 27 do RD 861/2010, a “*ANECA ou os órganos de avaliación que a Lei das comunidades autónomas determinen, levarán a cabo o seguimento do cumprimento do proxecto contido no plan de estudos verificado polo Consejo de Universidades*”. Así mesmo, establece que “*a ANECA e os correspondentes órganos de avaliación, en colaboración co Ministerio de Educación e as correspondentes comunidades autónomas, elaborarán conxuntamente un protocolo que incluíra a definición dun mínimo de criterios e indicadores básicos comúns para o procedemento de seguimento de plans de estudo*”.

Para cumprir esta normativa, a *Red Española de Agencias de Calidad Universitaria* (REACU) elaborou o documento “*Recomendaciones para el Seguimento de los títulos oficiales*”, e posteriormente a *Comisión Universitaria Reguladora del Seguimento y la Acreditación* (CURSA) aprobou o “*Protocolo para el Seguimento y la renovación de la acreditación de los títulos universitarios oficiales*”. Ademais, o Consello Galego de Universidades, aproba no pleno do 5 de novembro de 2007 as “*Liñas xerais para a implantación dos Estudos de Grao e Posgrao no Sistema Universitario de Galicia*”. Estes documentos serviron á ACSUG para elaborar o seu propio documento “*Seguimento de Títulos Oficiais*”, que establece as liñas para o seguimento de titulacións no SUG.

Segundo o citado documento da ACSUG, o seguimento de títulos ten os seguintes propósitos:

- Asegurar a execución efectiva das ensinanzas conforme ao recollido no plan de estudos do título implantado.
- Facilitar ás universidades a detección de posibles desviacións ou deficiencias segundo a memoria inicial presentada, no desenvolvemento efectivo dos títulos.
- Axudar ás universidades na identificación de boas prácticas e na toma de decisións para establecer as melloras que é necesario incorporar no transcurso da implantación do plan de estudos.
- Asegurar a dispoñibilidade da información pertinente e relevante aos diferentes axentes implicados no sistema universitario.

Para analizar a consecución destes propósitos, definíronse uns criterios e indicadores básicos para o seguimento centrados en:

- A información pública que a universidade facilita de cada un dos seus títulos.
- A valoración do cumprimento do proxecto establecido e os resultados obtidos, detección de boas prácticas, desviacións e toma de decisións.
- As accións realizadas ante as recomendacións establecidas no informe final de verificación e nos sucesivos informes de seguimento.

É evidente a importancia que o proceso de seguimento de títulos establecido ten para asegurar o cumprimento do compromiso da universidade sobre a súa actividade docente, marcado fundamentalmente polas memorias de verificación das súas titulacións oficiais, e para facilitar a mellora continua da calidade das titulacións ao longo da súa implantación e desenvolvemento.

O establecemento dun proceso de seguimento dos títulos debe facilitar a renovación da súa acreditación, xa que supón a evidencia de procesos de reflexión sobre a súa marcha e os resultados obtidos, coa detección de problemas, desviacións, logros ou boas prácticas, e a definición das melloras e cambios aplicables na súa organización e planificación.

Como consecuencia da lexislación e dos distintos protocolos e directrices establecidos xa mencionados, xeraranse unha serie de informes anuais de cada uns dous títulos oficiais do SUG. En primeiro lugar, a universidade elaborará un informe anual de seguimento de cada un dos seus títulos que conteña a análise dos criterios e os indicadores básicos para o seguimento dos plans de estudo. Despois da análise do devandito informe e a documentación pública dispoñible fornecida pola universidade, a ACSUG emitirá un informe individualizado de cada un dos títulos obxecto de seguimento.

Por todo iso, cómpre marcar unhas directrices xerais que organicen o seguimento das titulacións na Universidade de Vigo, definindo protocolos de actuación e marcando as distintas responsabilidades dos centros e titulacións.

## **Normativa aplicable da Universidade de Vigo**

Os Estatutos da Universidade de Vigo no seu artigo 39, apartado B, atribúen ao Consello de Goberno “*O establecemento das liñas estratéxicas e programáticas da Universidade e a aprobación da ordenación xeral da actividade académica e investigadora, así como das directrices e procedementos para as aplicar*”.

No seu artigo 13 establece que, entre outras, son funcións dos centros “*a participación nos procesos de avaliación da calidade e a promoción activa da mellora da calidade da súa oferta académica*” (apartado M), e “*a implantación e seguimento dos plans de estudos*” (apartado C). Función esta última que se adxudica directamente á Xunta de Centro no artigo 43.

Daquela, dedúcese que o Consello de Goberno é o encargado de ordenar e marcar as directrices necesarias para o desenvolvemento do proceso de seguimento das titulacións

oficiais da Universidade e os centros son os responsables principais do seguimento das titulacións que teñen adscritas.

## **Directrices**

1. As directrices recollidas neste documento son de aplicación a todos os títulos oficiais de Grao e Máster da Universidade de Vigo.
2. O calendario para a elaboración, revisión, aprobación e remisión dos informes anuais de seguimento será establecido pola Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade en consonancia cos prazos establecidos pola convocatoria da ACSUG.
3. A Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade establecerá o modelo de informe anual de seguimento empregado pola Universidade de Vigo, consonte coas esixencias da ACSUG.
4. O centro é responsable de establecer o procedemento e prazos internos para o seguimento dos seus títulos adscritos, incluída a elaboración e aprobación dos informes anuais de seguimento. Os ditos informes deberán adaptarse á estrutura e modelos establecidos.
5. A Comisión de Garantía de Calidade do centro debe exercer aquelas funcións relativas ao seguimento de títulos que lle fosen atribuídas no Sistema de Garantía Interna de Calidade. Así mesmo, para unha adecuada coordinación de todos os procesos vinculados coa calidade, unha vez elaborado o informe anual de seguimento dos títulos, e previamente á súa aprobación, a Comisión de Garantía de Calidade do Centro realizará unha revisión e valoración destes para a súa consideración pola Xunta de Centro.
6. Aparte do establecido nos apartados anteriores, é recomendable que, en calquera caso, na elaboración do informe anual de seguimento participen os coordinadores do título e/ou comisións con responsabilidade no desenvolvemento da titulación (comisións académicas de título, de docencia, de coordinación de títulos impartidos en varios centros,...).
7. No caso de títulos adscritos a varios centros, será necesario o traballo coordinado deles no proceso de seguimento. O informe anual de seguimento do título deberá

ser aprobado por todas as xuntas de centro ou comisións nas que se teñan delegadas as competencias.

8. No caso de títulos de carácter interuniversitario, os centros deberán colaborar coas universidades responsables do seguimento dos seus títulos.
9. Previa a súa aprobación según o apartado 11, o centro remitirá os informes de seguimento dos seus títulos adscritos á Área de Apoio á Docencia e Calidade da Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade, dentro dos prazos establecidos, para a súa revisión técnica.
10. A revisión técnica a que se refire o apartado anterior consistirá na comprobación de que o informe de seguimento se axusta á normativa vixente e ás esixencias e requisitos do procedemento establecido pola ACSUG. No caso de que se atope algún incumprimento, a Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade remitirá as súas obxeccións ao centro ou centros para que, no prazo que se estableza no calendario, se realicen as correccións debidas adecuándose ás normas e esixencias solicitadas.
11. O informe anual de seguimento de cada título deberá ser aprobado pola Xunta de Centro ou comisión na que se teñan delegadas as competencias.
12. Unha vez aprobados, os informes anuais de seguimento serán remitidos á Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade quen a súa vez os remitirá á ACSUG.
13. Co obxectivo de axudar á mellora continua das titulacións da Universidade de Vigo, a Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade poderá establecer procesos internos de avaliación e revisión de ~~dos~~ informes anuais de seguimento que non sexan obxecto de avaliación externa, segundo a planificación que se estableza cada ano. Con isto, preténdese garantir que a implantación e desenvolvemento dos títulos se realiza consonte ao proposto nas memorias de verificación, que a información dispoñible é a adecuada, revisar os indicadores dispoñibles, así como analizar as accións de mellora propostas e/ou postas en marcha nas titulacións.